

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Cultura Clásica é unha das materias do bloque de materias específicas que o alumnado do 3º curso da E.S.O. pode elixir segundo o establecido no Capítulo II, Artigo 13 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia pódese ofertar tamén no 4º curso da E.S.O., sendo o mesmo currículo nos dous cursos, aínda que non leven a mesma carga horaria e as condicións do alumnado sexan, obviamente, diferentes. Este feito implica que a programación da asignatura teña unha flexibilidade que lle permita adaptarse á variedade das condicións do centro e do alumnado, o que non significa dificultade algunha na práctica: pódense abordar os mesmos contidos, ampliando os niveis de coñecemento no cuarto curso. De feito, no Decreto mencionado faise referencia a esta necesaria flexibilidade da materia, que se pode impartir en 3º ou en 4º da E.S.O. segundo a opción do alumnado, expresando que debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos dos que o eixe central vén constituído polo xeito de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións romanas e gregas da chamada época clásica. É sabido que as manifestacións desta cultura converxen en varios campos da acción e do pensamento humanos, nunha secuencia temporal que chega ata hoxe mesmo e que se estende desde a filosofía e o dereito ata as linguas grecolatinas e as súas literaturas, e desde as cidades e a súa organización ata o mundo da arte, o urbanismo e a vida cotiá.

Os froitos da cultura clásica son, polo tanto, unha serie de valores cívicos, sociais e estéticos que determinan en non pequena medida o xeito de ser do home moderno, de tal xeito que ese substrato cultural que a educación ten que proporcionar constitúe un elemento vivo na civilización occidental que permite tanto a continuidade na práctica deses valores, como o entendemento por parte da cidadanía da súa pertenza a unha tradición de pensamento que está por riba das propias fronteiras dos estados.

O obxectivo principal de Cultura Clásica é, pois, o coñecemento das mostras máis significativas dese legado e a súa presenza activa na cultura actual. Máis concretamente, a selección dos bloques de contido tivo en conta a configuración xeral da etapa para evitar a repetición de conceptos, de maneira que os específicos desta materia complementan a formación básica do alumnado nun apartado onde os trazos xeográficos e históricos teñen menor relevancia que os puramente culturais. Doutra banda, ocorre moitas veces que, por situar determinada cultura no seu contexto, o ruído do accesorio e os prolegómenos introdutorios acaban por apagar o interese polo verdadeiro obxecto de estudo. Así pois, deixar falar directamente á propia mitoloxía, á literatura e á arte clásica desde o primeiro momento reporta máis beneficios que desvantaxes para espertar o interese do alumnado e aproveitar axeitadamente o tempo.

A bagaxe de coñecementos que dá a Cultura Clásica é un soporte fundamental para manter viva a conciencia da nosa identidade histórica. A pouco que se afonde no noso pasado, pódese comprobar facilmente que a Cultura Clásica está nas nosas raíces e foi sempre un impulso creador, fermento activo de todo renacemento cultural e enparticula do gran Renacemento co que se inaugura a Idade Moderna. A cultura grecolatina é un patrimonio común na base das manifestacións literarias e artísticas e do desenvolvemento científico e técnico da civilización occidental. O estudo desta tradición debe permitir ó alumnado dispoñer da perspectiva necesaria para formular en liberdade xuízos equilibrados sobre a realidade que lle tocou herdar e máis sobre o mundo que o rodea e, ao mesmo tempo, para manter actitudes de apertura a outras culturas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Grecia clásica	Faremos un percorrido pola xeografía grega, a súa historia e etapas (minoicos e micénicos, época escura, arcaica, clásica e	16	17	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Grecia clásica	helenismo) e a súa lingua entendéndoa como pertencente a familia indoeuropea.	16	17	X		
2	Mitos e xéneros literarios da antiga Grecia.	Analizaremos a mitoloxía grega centrándonos, sobre todo, na Teogonía de Hesiodo así como o resto de mitos gregos e deuses. Ademais trataremos o xénero épico, lírico, dramático e a prosa a través dos autores máis representativos.	17	18	X		
3	A sociedade grega e o arte	Examinaremos o goberno da polis, a súa estrutura, os órganos de goberno e xustiza, as primeira manifestación da arte grega e os templos edificios, escultura e pintura grega.	17	17		X	
4	Roma e o seu imperio	Analizaremos o marco xeográfico do imperio romano e as súas tres formas de goberno (monarquía, república e imperio romano). Tamén falaremos da súa relixión e da hispania romana.	17	18		X	
5	Lingua e literatura latina	Centrarémonos no latín e as linguas latinas. Así mesmo, analizaremos o teatro, a poesía, a lírica, a elexía, a historia e a oratoria romana.	17	18			X
6	Sociedade romana e arte	Fundamentalmente o estudo da estrutura social e órganos de goberno romanos, a familia, a vida, a casa, as obras de enxeñería, as vías de comunicación e os edificios públicos e de lecer.	16	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Grecia clásica	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Explica o desenvolvemento da sociedade grega a través da súa xeografía e historia.	PE	60
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Analiza as distintas partes o marco histórico no que se desenvolve a sociedade grega.		
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Explica as distintas etapas de Grecia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Entende o grego como lingua indoeuropea e diferenciar as demais linguas procedentes desta familia.		
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Sabe identificar os feitos históricos máis importantes da historia da Grecia mediante a súa xeografía.	TI	40
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Entende a romanización de Grecia.		
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Comprende as distintas fases do grego e a súas escritas.		
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Analiza a procedencia grega de palabras actuais.		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Analiza a procedencia grega de palabras científicas e técnicas actuais.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identifica as principais características e autores dos xéneros literarios gregos.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Comprende as fórmulas máis básicas do idioma grego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.

Contidos

- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.
- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.
- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

UD	Título da UD	Duración
2	Mitos e xéneros literarios da antiga Grecia.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Comprende os principais relatos míticos gregos así como a función que cumpren os deuses na explicación da realidade.	PE	60
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Analiza a función dos mitos gregos.		
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Comprende a relixión grega e plasmao na realización de actividades propostas polo profesor.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.
- Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.
- Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.

UD	Título da UD	Duración
3	A sociedade grega e o arte	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distingue as características fundamentais da arte grega.	PE	60
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identifica as características da arquitectura grega.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñece as esculturas gregas e as súas temáticas.		
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distingue as características e evolución das clases sociais en Grecia.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Comprende os trazos máis destacables da vida grega.		
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identifica as características fundamentais das organizacións políticas da antiga Grecia.	TI	40
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Describe a composición e membros da familia na antiga Grecia.		
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identifica as principais formas de lecer da Grecia antiga.		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Explica as manifestacións do deporte grego.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñece a presenza da civilización grega na organización social e política.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Entende a perduración da mitoloxía grega na sociedade actual.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Identifica aos aspectos máis importantes da historia de Grecia e a súa presenza no noso país,		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Investiga sobre a perduración da civilización grega na contorna,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
4	Roma e o seu imperio	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Explica o desenvolvemento da sociedade romana a través da súa xeografía e historia.	PE	60
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Analiza as distintas partes o marco histórico no que se desenvolve a sociedade romana.		
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Explica as distintas etapas de Roma.		
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Sabe identificar os feitos históricos máis importantes da historia de Roma mediante a súa xeografía.	TI	40
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Entende a romanización de España e Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.

UD	Título da UD	Duración
5	Lingua e literatura latina	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Comprende os principais relatos míticos romanos así como a función que cumpren os deuses na explicación da realidade.	PE	60
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Analiza a función dos mitos e heroes romanos.		
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Comprende as distintas fases do latín e a súas escritas.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identifica as principais características e autores dos xéneros literarios romanos.		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Entende os fundamentos da relixión romana.	TI	40
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Entende o latín como lingua indoeuropea e diferencía das demais linguas procedentes desta familia.		
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Analiza a procedencia romana de palabras actuais.		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Analiza a procedencia romana de palabras científicas e técnicas actuais.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúde e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Comprende as formulas máis básicas do idioma latín..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión romana: culto público e privado.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - As linguas romances. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

UD	Título da UD	Duración
6	Sociedade romana e arte	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distingue as características fundamentais da arte romana.	PE	60
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identifica as características da arquitectura romana.		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñece as esculturas romanas e as súas temáticas.		
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identifica as características fundamentais das organizacións políticas da antiga Roma.		
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distingue as características e evolución das clases sociais en Roma.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Diferencia a urbanización romana da de outras épocas.	TI	40
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Sabe localizar os principais monumentos clásicos.		
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Describe a composición e membros da familia na antiga Roma.		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Comprende os trazos máis destacables da vida romana.		
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identifica as principais formas de lecer da antiga Roma.		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñece a presenza da civilización romana na organización social e política.		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Entende a perduración da mitoloxía romana na sociedade actual.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Identifica aos aspectos máis importantes da historia de Roma e a súa presenza no noso país,		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Investiga sobre a perduración da civilización romana na contorna,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

Contidos

- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica empregada será activa e participativa, favorecendo o traballo en equipo entre o alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Favorecerase tamén o traballo en equipo co resto do profesorado que imparta as outras materias no grupo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, poñendo en práctica mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

Traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Os alumnos entran en contacto con cada tema lendo un texto clásico mitolóxico ou literario. Traballarase con riguroxidade a ampliación e comprensión do vocabulario mediante exercicios. Fomentarse a participación e o traballo diario na aula mediante preguntas, traballos individuais ou colectivos, etc.

A realización de actividades que faciliten e reforcen a adquisición e desenvolvemento das competencias debe guiar continuamente a acción didáctica na materia. A finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, e o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as grandes achegas da cultura clásica á nosa civilización. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Fomentase sempre a participación activa do alumnado na clase, requirindo constantemente respostas razoadas e plantexando cuestións abertas a comentarios e a debate.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de clase
Aula virtual (Edixgal)
Temario feito polo profesor
Presentacións para proxectar na aula
Aula, ordenador e proxector

Nesta materia non se traballará cun manual ou libro de texto obrigatorio. O profesor elabora o temario (un tema por unidade) e subeo a aula virtual (Edixgal). Neste temario xa se inclúen as actividades que se deben facer ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha proba tipo test de preceptos de todos aqueles contidos que se van a ver ao longo do curso. Este proba consta de vinte preguntas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	17	16	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Empregarase o sistema numérico de 1 a 10, e considérase superada a materia se a cualificación é igual ou superior a 5. No caso de decimais, o redondeo farase á alza a partir de 6 décimas (se a nota exacta é 7.5, a nota redondeada será 7; se a nota exacta é 7.6, a nota redondeada será 8).

Caso de constatarse que un alumno fixo un exame fraudulento, a nota dese exame será 0 e así contará a todos os efectos. Tomando como referencia os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación, en cada unidade didáctica prantéxase ao alumnado unha serie de actividades (lecturas, busca e selección de información, elaboración de temas, exposicións orais, probas escritas ... e calquer outro procedemento de avaliación) para a comprobación do grao de consecución das competencias e os obxectivos programados.

Na corrección de exercicios e probas escritas valoraranse, ademais da demostración de ter asimilados os contidos pertinentes, estes aspectos:

Presentación: limpeza, borranchos, caligrafía e respecto polas marxes. Exactitude na resposta e solución de actividades; terase en conta o rigor na resolución das actividades e a corrección na indagación, estudo e asimilación de datos. Expresión: correcta utilización da lingua vehicular, tendo en conta a riqueza léxica e semántica usada nas respostas. Este criterio ten valor positivo: unha mellor expresión significará unha maior cualificación na proba ou traballo.

Os criterios aplicables ás faltas de ortografía e puntuación son os propios da lingua vehicular correspondente (galego ou castelán).

A cualificación do alumnado en cada avaliación cuantificarase do seguinte xeito:

60% da nota da avaliación para o conxunto de probas escritas. Serán dous parciais tipo test (30% cada un).

40% para actividades e tarefas diarias realizadas na aula e na casa (as incluídas nos temas subidos a aula virtual).

Criterios de recuperación:

A recuperación da materia levarase a cabo ó final de curso mediante a realización dun exame no que se reflecten os contidos propios de cada avaliación que deben ser acadados.

Os alumnos que non puidesen superar a materia na terceira avaliación en xuño, teñen dereito a realizar unha proba ordinaria, na que os obxectivos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación atenderán ós niveis mínimos esixibles.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non se contempla xa que non hai materia de cultura clásica en segundo nin en terceiro de ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión teremos en conta, en primeiro lugar, a información sobre cada grupo que poidamos acadar antes de empezar o curso (como o número de alumnos e alumnas e os posibles informes previos, de ser o caso); despois faise imprescindible observar o funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

Neste curso hai dous grupos de 3º de E.S.O. e un de 4º que cursan a materia de Cultura Clásica. No momento en que se vaian identificando as necesidades do grupo neste aspecto de atención á diversidade, abordaranse as planificacións de estratexias metodolóxicas, a xestión da aula, as estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.

Valoraranse os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia, os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos, así como os tipos de recursos que se necesitan adaptar para obter un logro óptimo do grupo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Tolerancia coas demais culturas e manifestación relixiosas	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Respecto a diversidade cultural	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Respecto polo democracia e valores democráticos mediante o estudo das formas de goberno gregas (democracia de Pericles)	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Respecto a xustiza (dereito romano)	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Práctica lectora mediante análise de texto	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
As prevista no plan anual de centro	Aquelas actividades previstas para este plan que teñan relación coa materia de cultura clásica.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Temporalización das unidades didácticas
Organización dos contidos das unidades didácticas
Realización de tarefas
Recursos empregados
Uso de diersas formas de avaliación

Descrición:

Estes indicadores serán avaliados mediante unha rúbrica na que se estipule si foi positivo, negativo e si hai algunha proposta de millora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A reflexión e a autoavaliación no desenvolvemento da programación didáctica irá permitindo a adecuación ás circunstancias concretas do curso. Ao finalizar cada unidade didáctica farase o estudio que permita avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora.

As incidencias máis salientables ao respecto recolleranse nas actas de reunión do departamento.

Para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, ao finalde cada trimestre, observarase o máis positivo e o que se poidera mellorar dos aspectos máis relevantes, para así poder recoller as melloras no seguinte. Poderíanse recoller anotacións nunha táboa coma esta para darlle visibilidade.

9. Outros apartados